

# CONVOCATORIA DE PRAZAS DO PROGRAMA DE COÑECEMENTO DA REALIDADE (PCR) DE ENXEÑERÍA SEN FRONTEIRAS GALICIA (ESF GALICIA), ANO 2020

## ÍNDICE

1. RESUMO DE PRAZAS.....	2
2. QUE É UNHA PERSOA PCR?.....	2
2.1. PCR HONDURAS.....	3
3. COMPROMISOS DE ESF GALICIA.....	4
4. COMPROMISOS XERAIS DAS PERSOAS SOLICITANTES.....	5
5. DATOS ESPECÍFICOS DAS PRAZAS.....	6
5.1. DATOS BÁSICOS .....	6
5.2. CONTEXTO E ANTECEDENTES .....	6
5.3. DESCRICIÓN DE ACTIVIDADES.....	9
5.4. PERFIL REQUIRIDO .....	12
5.5. CONDICIIONS DAS PRAZAS .....	13
6. SOLICITUDE DE PRAZA.....	14

## 1. RESUMO DE PRAZAS

<b>Tipo de PCR</b>	<b>En terreo: Honduras</b>
<b>Nome do grupo</b>	<b>Proxectos</b>
<b>País</b>	Honduras
<b>Zona</b>	Golfo de Fonseca
<b>Prazas*</b>	3
<b>Duración</b>	Incorporación desde o 1 de marzo 2020 ao grupo de voluntariado e preparación previa, estaba en terreo de 2 a 3 meses e 2 meses de voluntariado ao regreso.
<b>Datas da estancia**</b>	De 2 a 3 meses entre xullo-outubro

\* A realización das estancias está **condicionada á posibilidade de financiamento** do programa. Habitualmente as prazas financiábanse con bolsas das universidades, fondos de sensibilización dos proxectos internacionais de cooperación para o desenvolvemento ou fondos propios da asociación. Nos últimos anos, o orzamento público de cooperación para o desenvolvemento veuse moi reducido. Por este motivo o grupo de traballo, as persoas seleccionadas e a asociación en xeral terán que innovar as súas fontes de financiamento habituais para este e outros programas.

\*\* A realización da viaxe estará supeditada a que a situación política no país ofrezca unhas condicións mínimas de estabilidade e seguridade.

## 2. QUE É UNHA PERSOA PCR?

ESF GALICIA organiza o Programa de Coñecemento de Realidade co obxectivo final de promover unha cidadanía global crítica e solidaria, potenciando o proceso de aprendizaxe das persoas da nosa sociedade a través do coñecemento de primeira man das desigualdades entre países. Quérese con isto que as persoas participantes adquiren conceptos, procedementos e actitudes como parte do proceso de afondamento nas causas das desigualdades no mundo e que interioricen nas súas

vidas e no seu entorno actitudes de cambio social para superar a inxustiza social.

En concreto, trátase de facilitar unha experiencia de sensibilización a pequenos grupos de persoas, que ao ser seleccionadas se converterán en persoas voluntarias e socias de ESF e participarán no día a día da asociación, contribuíndo ao seu crecemento persoal e social. Así, o Programa consiste na formación específica das persoas participantes no coñecemento da realidade concreta dos países e das temáticas nas que traballamos, co fin de fortalecer o seu pensamento crítico e a súa capacidade e criterios de actuación. É primordial a transferencia da súa experiencia ao resto da asociación a través da súa integración na mesma, e á cidadanía en xeral mediante as actividades de difusión que se realicen despois da estancia.

O PCR promovido por ESF é un instrumento de Educación para o Desenvolvemento xa que permite desenvolver nas persoas participantes coñecementos, valores e actitudes baseados no diálogo, o respecto activo e a solidariedade.

As seguintes características do PCR son importantes tanto para ESF como para as persoas participantes:

- Coa participación no PCR perséguese fomentar unha formación integral, é dicir, preténdese o desenvolvemento de capacidades técnicas e metodolóxicas cun enfoque social global.

- O PCR difúndese principalmente na universidade, pero ser parte da comunidade universitaria non é un requisito para participar no programa.

- O PCR supón, dunha banda, unha forma de integración de novas persoas voluntarias e, polo tanto unha vía de apoio á realización de actividades nas diferentes áreas de traballo de ESF. Doutra banda, supón unha parte do ciclo formativo do voluntariado dentro de ESF e das súas actividades, destacando a concepción que ESF ten do voluntariado como axente transformador dunha sociedade inxusta e con desigualdade de oportunidades de desenvolvemento para as persoas e os pobos.

## **2.1. PCR Honduras**

A través das prazas destinadas a coñecer o traballo que ESF Galicia e as súas socias locais están a impulsar en Honduras, búscase o achegamento de persoas da nosa sociedade á hondureña, así como a súa inmersión no mundo da cooperación e, en concreto, a súa proximidade á aplicación do concepto de tecnoloxía para o desenvolvemento humano<sup>1</sup>.

---

<sup>1</sup> <http://esfgalicia.blogspot.com.es/2014/01/reflexiones-sobre-tecnologia-para-el.html>

A estancia (que pode ser de dous a tres meses) non é unha experiencia illada e puntual, senón que se vincula directamente cos programas de cooperación internacional para o desenvolvemento que se estean levando a cabo en Honduras. Trátase dun proceso de aprendizaxe que ofrece ás persoas participantes a posibilidade de ter un contacto directo coa realidade doutros países mediante a realización dalgunha tarefa concreta no seo dalgún dos programas de cooperación que se estean desenvolvendo en Honduras.

### **3. COMPROMISOS DE ESF GALICIA**

- Seguimento e xestión do programa a través da “Comisión PCR”.
- Selección das persoas participantes.
- Organización da formación xeral e específica precisa para o correcto aproveitamento do programa.
- Integración das persoas participantes na vida asociativa.
- Transmisión á persoa participante de información detallada sobre os antecedentes da asociación no eido/zona de traballo.
- Busca de financiamento para os gastos da viaxe e seguro médico que cubra ás persoas participantes durante a súa estancia.
- Xestión e busca de financiamento no seu caso para o aloxamento das persoas participantes durante a estancia en terreo.
- Organización da viaxe en colaboración coas persoas participantes.
- Colaboración para a elaboración, xunto co grupo de voluntariado, socias locais, persoal expatriado de ESF e as propias persoas PCRs, dun listado de tarefas que se estarán a desenvolver en terreo nese momento e nas que é previsible que as persoas PCR fagan acompañamento, así como das actividades específicas que as persoas PCRs levarán a cabo durante a súa estancia.
- Seguimento por parte dos grupos de voluntariado das persoas PCRs e posibles problemas durante a estancia. Así mesmo, será asignada unha persoa acompañante da asociación como referente de cada persoa PCR.
- Coordinación coa persoa expatriada de ESF durante a estancia en terreo.
- Dentro das posibilidades de ESF, proposta de temas e acompañamento para a elaboración de traballos académicos, prácticas ou proxectos fin de carreira vinculados á estancia, sendo imprescindible a existencia dunha persoa titora do ámbito académico.
- Dar seguimento e acompañamento ás persoas PCR ao seu regreso, incluíndo a

planificación conxunta de actividades de sensibilización en Galicia tras a estancia en terreo.

- Avaliación intermedia e final do proceso xunto coas persoas participantes.

#### **4. COMPROMISOS XERAIS DAS PERSOAS SOLICITANTES**

- Participación na formación xeral (qué é un PCR, seguridade, ESF como organización e perfil de cooperación, etc.) e na específica (proxectos e tarefas específicas a desempeñar no voluntariado), que se impartirán **durante a fin de semana do 22 e 23 de marzo 2020**.

- Integración no grupo de voluntariado correspondente ao PCR e na vida asociativa dende o momento da selección (Ver **requisitos mínimos de integración apartado 5**).

- Firma con ESF do **compromiso de voluntariado** tralo momento da selección, no que se detallan os dereitos e deberes durante todo o proceso: preparación e integración previa, estadía en terreo, e compromisos posteriores á estancia en terreo.

- Colaboración activa xunto co grupo de voluntariado, socias locais, e persoal expatriado de ESF, para a elaboración dun listado de tarefas que se estarán a desenvolver en terreo nese momento e nas que é previsible que as persoas PCR fagan acompañamento, así como das actividades específicas que as persoas PCR levarán a cabo durante a súa estancia. As actividades serán deseñadas dacordo co perfil e motivacións das persoas seleccionadas.

- Contribución na busca de financiamento para a súa praza.

- Firma con ESF do **compromiso de PCR** unha vez a persoa sexa seleccionada, no que se detallarán todas as condicións do programa.

- Compromiso de realizar na medida do posible as tarefas propostas durante a estancia.

- Facerse cargo da súa manutención (comida e gastos persoais) durante a estancia en terreo.

- Elaboración dun **informe final da experiencia a entregar como moi tarde dous meses despois da finalización da estancia PCR** segundo modelo facilitado por ESF.

- Informes periódicos das actividades na súa estancia a través de redes sociais (facebook), blogue de ESF, telegram e correos nas listas.

- Participación na avaliación intermedia e final do programa PCR.

- **Compromiso de permanencia e participación activa como persoa voluntaria na asociación ao menos dous meses en Galicia tras a estancia en terreo**, traballando no grupo vinculado á actividade que desenvolveu durante a súa estancia, e nas actividades de sensibilización e/ou internas propostas relacionadas coa mesma, como charlas en cursos de ESF, nas universidades, entrevistas, etc.
- **Participación na Comisión de PCR no ano 2021 de xeito presencial ou a distancia.**
- No caso de que a persoa PCR desexe **prolongar a estancia en terreo** (dentro do propio PCR ata un máximo de tres meses, ou con actividades alleas ao programa) **non debe repercutir no cumprimento dos compromisos anteriores**, especialmente nos vinculantes á realización do informe final e á participación posteriormente como voluntaria na asociación ao menos durante dous meses en Galicia.

## 5. DATOS ESPECÍFICOS DAS PRAZAS

### 5.1. Datos básicos

<b>ACTIVIDADE</b>	Soberanía alimentaria, defensa do territorio, abastecemento de auga e saneamento, fortalecemento de organizacións de sociedade civil e de gobernos locais, xénero*		
<b>PAÍS</b>	Honduras	<b>ZONA</b>	Golfo de Fonseca
<b>SOCIAS LOCAIS</b>	CODDEFFAGOLF, Mancomunidad de NASMAR e AHJASA		
<b>DURACIÓN TOTAL DO PCR</b>	1 de marzo 2020 ata 2 meses despois do regreso.	<b>DURACIÓN ESTADÍA EN TERREO</b>	2/3 meses Entre Xullo e Outubro de 2020.
<b>PRAZAS</b>	3 (condicionadas á consecución de financiamento)		

\*As actividades concretaranse dentro de esas temáticas segundo as actividades en execución no momento da estancia e o perfil das persoas participantes

### 5.2. Contexto e antecedentes

Dende 2008, tres asociacións da Federación Española de Enxeñería Sen Fronteiras (APD, Galicia e Cataluña) uniron esforzos para pór en marcha o programa *“Redución da vulnerabilidade en áreas empobrecidas, a través do acceso á auga potable, ao saneamento e á xestión sustentable de recursos hídricos e do*

*territorio con enfoque de cunca hidrográfica no Salvador, Honduras e Nicaragua*". ESF Galicia liderou as actividades deste programa no sur de Honduras, na zona do Golfo de Fonseca (no corredor seco centroamericano, unha das zonas máis vulnerables ao cambio climático do mundo), coa financiación da Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo, a Xunta de Galicia e outros financiadores menores como Deputación de A Coruña, Diputación de Valladolid, o Concello de Lugo ou a Universidade de A Coruña, centrándose no abastecemento e saneamento de auga en comunidades rurais. A partir desta experiencia ata a actualidade, continuouse co traballo no país con dous programas diferenciados: o de Promoción do Dereito Humano á Auga (que comezaría nese 2008) e o de Soberanía Alimentaria e Desenvolvemento Endógeno (que arrancaríase en 2010).

**No programa de Dereito Humano á Auga** se traballaron durante estes anos o deseño e implementación de accións destinadas a contribuír ao acceso ao dereito humano á auga en tres liñas:

- desenvolvemento das infraestruturas básicas de abastecemento de auga e saneamento en diferentes comunidades situadas na zona do Golfo de Fonseca, promovendo sistemas tecnoloxicamente apropiados ao entorno con proxectos piloto de diversas tecnoloxías (bombeo de auga con enerxía solar, contadores de auga, etc.)
- fortalecemento de organizacións veciñais para que coñezan os seus dereitos e os poidan esixir ás administracións competentes, así como que teñan capacidade de xestión dos sistemas de auga potable e saneamento comunitarios (contas, cobro de tarifa de mantemento, xestión de conflitos, enfoque de xénero, etc.)
- fortalecemento de capacidades técnicas e de xestión dos concellos (que por lei hondureña deben garantir o acceso á auga), así como promoción de boas prácticas de transparencia e boa gobernanza municipal. Un exemplo foi o desenvolvemento da metodoloxía de Planes de Xestión Integral do Recurso Hídrico, cun programa de sistemas de información xeográfica baseado en software libre no que nos apoiamos no traballo en rede coa Universidade da Coruña e a Universidade Nacional Autónoma de Honduras, o mesmo que últimamente para os temas de bombeo con enerxía solar ou formación de cadros técnicos en hidroxeoloxía

### **Entidades sociais locais coas que se traballa no Programa de Promoción do Dereito á Auga**

**NASMAR**, mancomunidade formada por 7 municipios do Golfo de Fonseca (Amapala, Nacaome, Goascoarán e San Lorenzo do departamento de Valle, Marcovia,

Namasigüe e El Triunfo do departamento de Choluteca).

**AHJASA**, Asociación Hondureña de Juntas Administradoras de Sistema de Agua. AHJASA surxe a comezos da década dos 90s, foi fundada por 17 comunidades de ámbito rural. A educación dos usuarios, o desenvolvemento da capacidade e independencia tanto técnica como económica das xuntas administradoras e o principal obxectivo desta asociación. <http://ahjasa.org/>

No **programa de Soberanía Alimentaria**, que empezou en 2010 coa organización CODDEFFAGOLF, empezouse traballando na microcunca do Río Laure co obxectivo de reducir a vulnerabilidade alimentaria, fortalecendo a soberanía alimentaria e promovendo o uso racional dos recursos naturais. Neste senso, no 2011 identificouse xunto a CODDEFFAGOLF a mesma necesidade na microcunca de Quebrada Gallardo. Posteriormente volveuse a traballar na microcunca do Río Laure, cun enfoque de familias-cunca hidrográfica, dando asesoramento ás familias a través de Plans de Manexo de Finca. Máis adiante empezouse a traballar cun enfoque máis aló das familias, apoiando grupos de persoas que quixeran producir e comercializar de xeito sustentable e endógeno nas aldeas de distintos lugares do sur de Honduras (sempre colaborando con CODDEFFAGOLF). Tamén se iniciou un programa de mellora participativa de sementes de millo con labregos e labregas da zona, e o apoio técnico da Misión Biolóxica de Galicia. Nos últimos anos, mantense ese enfoque de apoio a grupos de persoas organizadas máis que o asesoramento a familias, pero ampliouse ao que se chama “veeduría de dereitos”, unha sorte de vixilancia por parte da sociedade civil ante agresións ao medio ambiente, tratando de buscar alianzas con entes públicos (fiscalía ambiental, administración de medio-ambiente e de pesca, etc.), e desenvolvendo xunto coa Universidade de Santiago un estudo sobre a proliferación do uso do solo para piscinas de engorde de langostino na zona do Golfo (como ferramenta de denuncia ambiental), e unha app móbil de denuncia veciñal ante agresións ambientais coa Universidade da Coruña (SIROS <https://galicia.isf.es/blog/ya-se-puede-descargar-la-aplicacion-de-cartografia-colaborativa-ambiental-siros/>).

Destacar tamén que nos últimos 4 anos intensificouse a incorporación de elementos de traballo en mellorar a equidade (posición) de xénero nos dous programas, pero particularmente no de Soberanía Alimentaria e Desenvolvemento Endógeno vense de rematar un proxecto (2018-2019) do que se espera empezar en 2020 unha segunda fase, que veu fortalecer ás 7 Oficinas Municipales de la Mujer dos 7 municipios da Mancomunidad NASMAR, así como a grupos de mujeres productoras (iniciando un traballo con microcréditos).



## **Entidades sociais locais coas que se traballa no programa de Soberanía Alimentaria**

O **Comité para el Desarrollo y Defensa de la Flora y Fauna del Golfo de Fonseca (CODDEFFAGOLF)** nace no ano 1989 e na actualidade goza do recoñecemento internacional despois dunha longa traxectoria no eido da sensibilización e da incidencia política, así como polo traballo realizado con distintos axentes de cooperación. Xunto coa Administración Forestal do Estado- Instituto de Conservación Forestal (ICF) realiza o co-manexo das áreas protexidas do Golfo de Fonseca. Cabe destacar a inclusión nos seus programas do enfoque en Soberanía Alimentaria. <https://coddeffagolf.org/>

Por outra banda, entre 2018 e 2019 empezouse a colaborar cunha nova organización nacente na zona, a partir doutros movementos cos que ESF xa estaba en contacto, e que solicitou apoio a ESF para o seu fortalecemento. Trátase de ECOS. Por outra banda vense participando dende o 2016 nunha Red de Jóvenes por el Clima, que xa tivo reunións en Alemaña, Nicaragua e, o pasado 2019, Honduras. Persoas participantes no PCR doutros anos tiveron ocasión de participar nesas reunións.

Para máis información sobre a traxectoria de ESF en Honduras consultar <https://esfhonduras.blogspot.com/p/esf-galicia-en-honduras-programa.html>

### **5.3. Descrición de actividades.**

#### **A. Selección de participantes**

Levarase a cabo mediante a selección de currículums e carta de motivación, e posterior entrevista persoal que se realizará na semana do 17 ao 21 de febreiro de 2020 (Ver apartado 6 de solicitude da praza)

#### **B. Formación Previa**

ESF Galicia organizará un curso de formación para tratar temas xerais e específicos do PCR durante a fin de semana do 22-23 de marzo, que **é de obrigada asistencia** para as persoas seleccionadas.

#### **C. Itinerario formativo a distancia**

Tras a formación previa presencial, dende ESF Galicia facilitaranse ás persoas seleccionadas recursos formativos (documentos, videos, enlaces ao blogue de ESF, etc) relacionados co traballo de ESF en Honduras e coas temáticas nas que as persoas PCR desenvolverán as actividades durante a súa estancia. As persoas voluntarias

deberán seguir ese **itinerario formativo**, co acompañamento do voluntariado de ESF, coa **presentación dun pequeno traballo elaborado** polas persoas PCR **antes do 30 de xuño**, sobre unha temática a definir de xeito conxunto entre as persoas PCR e ESF.

#### **D. Integración como voluntaria/o no Grupo de Voluntariado de Proxectos Internacionais de Cooperación ao Desenvolvemento (PICD).**

As persoas seleccionadas integraranse como voluntarias no grupo de voluntariado de Proxectos Internacionais de Cooperación, tralo proceso de selección. Por elo, asinarán o compromiso de voluntariado con ESF unha vez confirmen a participación como PCR. Entre as actividades que desenvolverán como voluntarias/os, o grupo de voluntariado ofreceralle información e formación específica sobre os proxectos que se estean levando a cabo en terreo, e comezará a esbozarse o programa concreto de actividades a desenvolver durante a estada en Honduras como PCR.

##### **D.1. Funcionamento do Grupo de Voluntariado PICD**

O grupo está formado por voluntarios/as activos que se reúnen de xeito presencial trimestral, ou ben por skype con aquelas persoas que non residen na cidade. Agora mesmo están traballando en formulación e xustificación de proxectos. Para a participación no grupo será necesaria a inclusión das persoas participantes na lista de correo e no grupo de telegram específicos.

##### **D.2. Requisitos mínimos de participación no Grupo de Voluntariado PICD**

Para determinar se a persoa PCR satisfai o requisito de participación no grupo antes da estancia en terreo, empregaranse os seguintes criterios, a modo orientativo:

- Participado ao menos en 1 reunión presencial do grupo antes da viaxe, e de 2 reunións por skype con participación do persoal de terreo.
- Participación, no seu caso, en ao menos 1 reunión doutros grupos de voluntariado activos e con temáticas afines ao perfil das persoas seleccionadas.
- Participado nas listaxes de correo e grupos de telegram, sendo especialmente activas naqueles fíos relacionados cos temas PCR e cuestións de terreo.
- Publicado unha entrada nalguna das redes sociais da asociación, coa axuda e acompañamento do grupo.

Estes indicadores serven ao grupo para medir o grao de integración da persoa PCR. Deste xeito, se ben dan conta das distintas formas nas que se pode participar no grupo, non é obrigatorio cumprir con todos eles de forma rixida. O importante é que se vexa un interese real por parte da persoa PCR en participar

activamente no grupo de voluntariado antes da estancia en terreo.

### **E. Actividades no terreo**

As actividades a desenvolver durante a estancia en terreo serán definidas polo grupo de voluntariado, socias locais, persoal expatriado de ESF e as propias persoas PCR, podendo englobarse nas seguintes:

- Tarefas relacionadas coa posta en marcha e seguimento das distintas liñas do proxecto de abastecemento e saneamento nas comunidades rurais da zona do Golfo de Fonseca que se estean desenvolvendo nese momento, e fortalecemento das capacidades de xestión do recurso hídrico do persoal técnico dos socios locais.
- Colaboración en actividades de educación e sensibilización ambiental asociadas ao mesmo, e contribuír ao fortalecemento das capacidades das socias locais.
- Colaboración en actividades de veeduría social e participación cidadá para a incidencia política.
- Actividades relacionadas co desenvolvemento do seu proxecto fin de carreira ou tese, se procede.
- Elaboración de material audiovisual e divulgativo para actividades de formación, sensibilización ou incidencia.
- Estadía “en comunidades”, compartindo e vivindo con familias de comunidades rurais ou pesqueiras, por varios días.
- Publicacións en redes sociais e blogue de ESF “contando a experiencia”.
- Comunicación co grupo de voluntariado para telo ao tanto das novas que acontecen con mensaxes de voz breves semanais polo grupo de telegram pertinente e a través da listaxe de correos.
- Avaliación intermedia do programa durante a estancia
- Participación en tarefas relacionadas cos proxectos anteriormente explicados, desenvolvidas pola asociación local responsable dos mesmos e entidade socia de ESF.
- Reunións telemáticas e actividades de coordinación co grupo de Proxectos Internacionais de Cooperación para o Desenvolvemento- PICD
- Actividades de fortalecemento da socia local en diferentes áreas do coñecemento, incluíndose aquí posible capacitación a técnicos/as, directivas/os ou socios/as, ou o equipo de voluntariado da organización (segundo o perfil da persoa seleccionada e os requirimentos da Organización).
- Apoio a redes e asociacións locais coma a Red de Jóvenes por el Clima ou a Casa da Cultura de San Lorenzo.

### **F. Actividades tras a estancia**

- Elaboración de material divulgativo en formato libre sobre a experiencia persoal no PCR (poden ser entradas de blogue con fotos, unha expo de fotos, podcast, videoblog, etc.).
- Participación no grupo de voluntariado durante ao menos dous meses
- Planificación en conxunto co grupo de voluntariado de actividades de sensibilización e difusión en Galicia.
- Participación na avaliación final do programa.
- Participación na Comisión PCR no 2021 de xeito presencial ou a distancia.

#### **5.4. Perfil requirido:**

- Especial sensibilización e motivación en temas relacionados coa cooperación internacional.
- Capacidade de traballo en equipos multidisciplinares e multiculturais e capacidade de convivencia e de adaptación a realidades diferentes.
- Habilidades comunicativas e empatía.
- Iniciativa e proactividade
- Non ter experiencia profesional en Proxectos de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.
- Ofimática e internet a nivel usuario.
- Dispoñibilidade para a formación previa e incorporación inmediata e de forma activa no grupo de traballo.
- Dispoñibilidade para a permanencia e participación activa como persoa voluntaria na asociación ao menos dous meses en Galicia tras a estancia en terreo, traballando no grupo de voluntariado e nas actividades de sensibilización e/ou internas propostas.
- Dispoñibilidade para cumprir os demais compromisos especificados no apartado 4 e requisitos de participación previa establecidos no apartado 5.3.

**Importante:** *Estes criterios son esixibles; polo tanto deberán quedar perfectamente explicados e xustificados no CV (os máis obxectivos) e na carta de motivación (os de carácter máis subxectivo).*

#### **Valóranse adicionalmente:**

Coñecementos de:

- Hidráulica e hidroloxía, topografía, tratamento de residuos, reciclaxe, impacto e políticas ambientais.
- Sistemas de información xeográfica, bases de datos e outras ferramentas informáticas baseadas no software libre.
- Intervención e diagnose social.
- Enfoque de xénero
- Capacidade de planificación e seguimento dun proxecto, así como competencias de organización e de coordinación. Control do orzamento.
- Formación previa en cooperación para o desenvolvemento e/ou educación para o desenvolvemento.
- Coñecemento da filosofía de ESF e a vinculación á asociación.
- Asociar a estancia á realización dun proxecto fin de carreira ou tese proposta pola persoa voluntaria ou o equipo técnico de proxectos de ESF, e aprobada por este último.
- Coñecementos en ferramentas de comunicación audiovisual.

### **5.5. Condicións das prazas**

As persoas PCR estarán ubicadas na cidade de San Lorenzo, departamento de Valle, lugar onde se atopa a oficina de ESF en Honduras. Dende esa base, realizarán as actividades deseñadas antes da estancia, coas diferentes socias de ESF e no marco dos proxectos en execución. Así mesmo, poderanse facer actividades complementarias que non estén contempladas nos proxectos que se estean a desenvolver. No caso de considerarse necesario, poderán asentarse durante varios días noutras localizacións para o desenvolvemento das actividades. Algunhas destas actividades serán desenvolvidas de xeito conxunto polas persoas PCR, e outras de xeito individual segundo o perfil das voluntarias. As persoas PCR seguirán sempre as indicacións do persoal contratado en terreo de ESF, así como do persoal das socias locais, sendo necesario consultar e consensuar con estes calquer actividade que xorda durante a estancia.

Os gastos da viaxe, seguro, aloxamento e desprazamentos e gastos orixinados polas actividades serán financiados a través de proxectos de ESF, bolsas ou outros xeitos de financiamento. Para isto buscarase financiamento de xeito conxunto entre a asociación e as persoas seleccionadas. Os gastos de alimentación e os derivados de actividades de ocio serán financiados polas persoas PCR.

### **Constatación de cumprimento de obrigas previas:**

Unha vez seleccionada as persoas beneficiarias do programa PCR, e antes da viaxe a Honduras, o grupo de voluntariado de Proxectos Internacionais e a Comisión PCR de ESF, realizará unha valoración do cumprimento das obrigas previas á viaxe, sendo necesario obter o visto bo para poder viaxar.

Se considerará especialmente o cumprimento de:

- Integración no grupo de voluntariado.
- Asistencia á formación presencial. Asimilación da formación obrigatoria, especialmente no referente á seguridade e saúde persoal, interculturalidade, e representación de ESF. Asimilación da formación específica nos proxectos ou actividades que se desenvolven, e especialmente as relacionadas coas actividades que desenvolverán durante a súa estadía.
- Seguimento do itinerario formativo. Realización dun pequeno traballo ou actividade dentro da asociación previa á estancia.

### MÁIS INFORMACIÓN:

- Enxeñería Sen Fronteiras <http://galicia.isf.es>
- Blogue de ESF en Honduras <https://esfhonduras.blogspot.com/>
- Facebook ESF <https://es-es.facebook.com/ESFGal/>
- Twitter de ESF <https://twitter.com/ESFGALICIA>
- Instagram de ESF <https://www.instagram.com/esfgalicia/>

## 6. SOLICITUDE DE PRAZA

As persoas interesadas deben enviar, en **formato PDF**, un **breve CV** cos datos máis relevantes **para a praza**, xunto cunha **carta de motivación tamén en pdf**, ao correo **info@galicia.isf.es**.

Os criterios esixibles das prazas ofertadas deben quedar perfectamente explicados e xustificados no CV (os máis obxectivos) e na carta de motivación (os de carácter máis subxectivo). Ademais na carta de motivación é importante explicar por que se quere participar no PCR, por que se ten interese na cooperación internacional, e por que o interese de facelo concretamente con ESF. A carta de motivación non debe ser un CV en palabras nin unha defensa da persoa como apta para ocupar a praza. Ademais, deberase explicar, co detalle que sexa posible:

- 1) Se existe o **compromiso e dispoñibilidade de participar na formación previa prevista para o 22-23 de marzo 2020** e de integrarse na actividades do grupo de voluntariado conforme aos criterios establecidos no apartado 5.3.
- 2) Se existe o compromiso e **dispoñibilidade** para a participación activa no grupo de

voluntariado vinculado ao PCR ao menos **dous meses en Galicia tras a estancia** en terreo, así como nas actividades de sensibilización vinculadas ao programa propostas.

No CV, no caso de ser persoa voluntaria de ESF, non é preciso acreditar os méritos referentes a actividades en dita asociación. En caso de méritos noutras asociacións/institucións, recoméndase aportar, polo menos, datos de contacto para a súa verificación.

**As solicitudes que non inclúan ambos documentos no formato indicado PDF antes da data límite **NON** entrarán no proceso de selección.**

**A data límite para a presentación de solicitudes é o 7 de febreiro de 2020, ás 23:59 hora peninsular.**

A selección de persoas para a entrevista farase atendendo aos CV e ás cartas de motivación. A cita para a entrevista concertarase por teléfono, as entrevistas realizaranse previsiblemente xa a partir da semana do 10 de febreiro. As persoas non seleccionadas para a entrevista serán notificadas vía correo-e. Ás persoas entrevistadas se lles comunicará por teléfono o resultado da entrevista.

Se tes algunha dúbida sobre o concepto de PCR, a filosofía de ESF, a convocatoria ou a túa solicitude podes contactar con **info@galicia.isf.es**